### Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións

### Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Proba de aula: 30%	Audición: 30%	Traballo semanal: 40%
--------------------	---------------	-----------------------

Á súa vez, cada un destes apartados ponderarase do seguinte xeito:

<b>Proba de aula: 30%</b>	<b>Audición: 30%</b>	<b>Traballo semanal: 40%</b>
Técnica: 50%	Técnica: 30%	Estudo: 50%
Musicalidade: 50%	Musicalidade: 30%	Hábitos: 10%
	Preparación: 30%	Actitude: 30%
	Posta en escena: 10%	Material: 10%

No caso de que algún discente, e só por motivos debidamente xustificadas, non puidera realizar algún dos apartados anteriores (proba de aula, audición e traballo

semanal), dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

#### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- Ter superados os obxectivos de todas as materias do curso no que se atopa.
- As ampliacións de matrícula teñen que ser solicitadas polo discente na secretaría do centro antes do 30 de novembro.

#### **6.8.4. Medidas de recuperación**

Os obxectivos non superados no trimestre anterior serán reforzados cun plan individualizado proposto polo docente.

#### Procedementos de recuperación ordinarios

O alumnado que non poda ser avaliado por ter un rendemento baixo que impida ó docente unha correcta avaliación do mesmo realizará unha proba na que terá que demostrar que acada os obxectivos propostos para o curso na programación didáctica. A proba realizarase sempre antes da avaliación do terceiro trimestre e no horario de clase do discente.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos: 50%
- Aspectos expresivos: 50%

#### Probas extraordinarias de xuño

No caso de que algún discente non supere a avaliación de xeito positivo no curso lectivo ordinario, dentro de cada un dos cursos que conforman o grao elemental na especialidade de tuba, deberá afrontar unha proba en xuño coa fin de amosar que acada os obxectivos propostos para o curso na programación didáctica.

Esta proba terá carácter práctico e desenvolverase do seguinte xeito: o alumnado deberá interpretar dous estudos ou obras do repertorio orientativo para o curso, e un estudo ou obra proposta polo docente de nivel axeitado, que executará a primeira vista, para a que disporá dun tempo de 5 minutos.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos: 50%
- Aspectos expresivos: 50%

### 6.8.5. Recursos didácticos

#### EXERCICIOS DE TÉCNICA XERAL:

- Exercicios achegados polo profesor referentes a respiración, boquilla e vibración dos labios, emisión do son, flexibilidade e posición fixa, legato, articulación, memorización e lectura a vista.
- Escalas e arpejos en tódalas tonalidades. Escala cromática.

#### MÉTODOS DE ESTUDO:

Secuenciado de maneira personalizada ó longo de todo o curso. A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do discente, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

- Métodos de tuba:
  - o 20 minutes warn-up, M. Davis
  - o Technical studies, H.L. Clarke edit. Carl Fischer
  - o ARBAN Complete Method for the Tuba (Transcribed and Edited by Jerry Young & Wesley Jacobs)
  - o 43 Bel Canto Studies M. Bordogni edit. A. Leduc
  - o 70 Studies for Tuba Volume II V.Blazhevich edit. R. King
- Métodos de bombardino:
  - o Flexibilidad Vol II M. Badia
  - o ARBAN Complete Method for Trombone & Euphonium by Joseph Alessi and Brian Bowman (Edited by Wesley Jacobs)
  - o Melodius Etudes for Trombone J. Rochut edit. Carl Fischer
  - o Technical Studies H.L. Clarke edit. Carl Fischer
  - o 31 Estudos brillantes M. Bleger

OBRAS DE ESTUDO: (como mínimo, unha por trimestre ao menos)

- Sonata for Tuba A. Frackenpohl
- Lyric Suite H. White
- Sonata N°5 Galliard
- Concertino A. Frackenpohl
- Vocalise Rachmaninoff
- Sonatina H. Stevens
- Morceau Symphonique A. Guilmart
- Sonata en Fa Maior B. Marcello
- Legend of the purple hills D. Ober
- Concerto for Basson W. A. Mozart
- Concerto Rimsky-Korsakov

## 6.9. Curso: 5º GP

### 6.9.1. Obxectivos

- a) Mellorar progresivamente a técnica e a sonoridade dentro do nivel esixido neste ciclo
- b) Aplicar progresivamente os coñecementos musicais adquiridos para unha correcta interpretación instrumental.
- c) Coñecer as gráficas contemporáneas mais comúns así coma os principais efectos sonoros.
- d) Interpretar obras de diversas épocas e estilos cunha dificultade progresiva e adecuada ó nivel.
- e) Participar en actividades musicais de conxunto con grupos e agrupacións variadas que se poidan formar.
- f) Coñecer progresivamente os criterios interpretativos do propio instrumento en cada período musical, aplicándoos ó estudio do repertorio proposto.
- g) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía

progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento, así como un bo uso da memoria á hora de interpretar.

- h) Memorizar textos musicais.
- i) Acadar unha madurez de criterio autónomo para escoller a mellor interpretación propia, ademais de ter ben sentada unha boa base técnica que permita chegar con boas garantías ó final do grao profesional.

### 6.9.2. Contidos

- Estudio do rexistro agudo e grave proposto para este ciclo, con exercicios propostos polo profesor.
- Estudo da ornamentación con estudos e obras axeitadas, con especial atención ós trinos e grupetos, e a súa boa entoación e articulación.
- Coñecemento progresivo do repertorio solista con obras axeitadas para este ciclo, e audicións comentadas de diferentes versións da mesma obra.
- Utilización do dobre picado e triplo picado, e o seu bo uso.
- Perfeccionamento no fraseo musical nas obras e estudos coidando os elementos máis importantes: expresión, dinámicas, cor sonoro, carácter, etc... e concienciando ó alumno da adquisición dun criterio persoal diferenciado dun criterio global de calidade.
- Realización de análise sobre audicións comparadas de grandes intérpretes e sinalar as posibles diferencias interpretativas.
- Adquisición progresiva no rexistro traballado da igualdade e calidade do son.
- Utilización da memoria musical na interpretación de obras, estudos e técnica, así como no estudio diario.
- Interpretación de pezas e estudos que engloben os aspectos técnicos e musicais tratados anteriormente.
- Traballo de exercicios sobre cifrado americano, exercicios de improvisación libre e exercicios de imitación que permitan desenvolver as capacidades para improvisar co instrumento.
- Perfeccionamento da lectura a primeira vista.

### 6.9.3. Avaliación

O docente avaliará aos seus discentes tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora, e o docente valorará de forma constante o progreso do alumnado ao longo de todo o curso, así como nas probas e/ou audicións realizadas.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso. Así podemos recoller tres tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** realizada na primeira clase do curso
- **Avaliación continua:** permite observar a evolución do discente.
- **Avaliación puntual:** realizada mediante probas que serven para avaliar determinados elementos puntuais na evolución do discente.

Tentarase dentro das posibilidades organizativas do centro agrupar ó alumnado por cursos e que estean presentes todos os docentes da materia co propósito de mellorar a homoxeneización dos criterios de avaliación e nivel educativo.

#### Criterios de avaliación

- 1) Demostrar unha procura da excelencia interpretativa, da calidade sonora, da mellora na entoación e da adecuación co acompañamento ou na práctica grupal.
- 2) Amosar afondamento no estudo e/ou interpretación de polo menos unha obra cada trimestre.
- 3) Amosar control na utilización dun esforzo muscular, dunha respiración e dunha relaxación propias dunha correcta postura adecuados ás exixencias da execución instrumentais.
- 4) Mostrar madurez na toma de decisións interpretativas.
- 5) Demostrar de soltura no uso das tonalidades e intervalos propostos para este ciclo de memoria.
- 6) Usar a memoria na interpretación de obras, estudos e técnica..



- 7) Interpretar de polo menos 1 obra en audición pública ó longo do curso académico co correspondente acompañamento de piano.
- 8) Amosar comprensión formal, precisión na interpretación das grafías e naturalidade na lectura a primeira vista de textos musicais.
- 9) Presentar traballo diario semanal amosado cun nivel de estudio aceptable.
- 10) Colaborar á hora de representar a aula de tuba a través de concertos e audicións tanto na interpretación individual como de conxunto.

Os criterios de avaliación utilizaranse para observar a adquisición dos obxectivos que están programados para cada curso. Deste xeito, e atendendo á individualidade destas ensinanzas, así como á progresión única de cada discente, os contidos reflexados nesta programación adecuaranse a cada discente de forma personalizada, e os criterios de avaliación servirannos os docentes para medir durante todo o curso o grao de adquisición dos mencionados obxectivos. Polo tanto, estando o curso dividido por tres trimestres, o grao de adquisición ten que ser sumativo, polo que non se poden dividir os criterios de avaliación, senón que se teñen que ir sumando de forma gradual ata que no terceiro trimestre, e tal e como manda unha avaliación continua, se avalíe de forma conxunta todos os obxectivos acadados e os que non o están.

#### Mínimos esixibles

- 12 Estudos para Tuba Otto Maenz dous estudos do 1 ó 5
- Melodious etudes tres estudos do 20 ó 30 do método
- Arban Complete Method for the Tuba: Páx. 316 (exercicio 6)
- 70 Studies for Tuba V. Blazhevich 17 e 18.
- Arban Complete Method for Trombone & Euphonium : Páx. 331 (exercicio 6)
- 31 Études Brillantes M. Bleger 17 e 18.
- Unha das obras propostas para este curso.

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas

diferentes actividades deseñadas ao efecto.

- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións

**Criteria de cualificación**

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Proba de aula: 30%	Audición: 30%	Traballo semanal: 40%
--------------------	---------------	-----------------------

Á súa vez, cada un destes apartados ponderarase do seguinte xeito:

<b>Proba de aula: 30%</b>	<b>Audición: 30%</b>	<b>Traballo semanal: 40%</b>
Técnica: 50%	Técnica: 30%	Estudo: 50%
Musicalidade: 50%	Musicalidade: 30%	Hábitos: 10%
	Preparación: 30%	Actitude: 30%
	Posta en escena: 10%	Material: 10%

No caso de que algún discente, e só por motivos debidamente xustificadas, non puidera realizar algún dos apartados anteriores (proba de aula, audición e traballo semanal), dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

**Criteria para a concesión de ampliación de matrícula**

- Ter superados os obxectivos de todas as materias do curso no que se atopa.
- As ampliacións de matrícula teñen que ser solicitadas polo discente na secretaría do centro antes do 30 de novembro.

**6.9.4. Medidas de recuperación**

Os obxectivos non superados no trimestre anterior serán reforzados cun plan individualizado proposto polo docente.

### Procedementos de recuperación ordinarios

O alumnado que non poda ser avaliado por ter un rendemento baixo que impida ó docente unha correcta avaliación do mesmo realizará unha proba na que terá que demostrar que acada os obxectivos propostos para o curso na programación didáctica. A proba realizarase sempre antes da avaliación do terceiro trimestre e no horario de clase do discente.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos: 50%
- Aspectos expresivos: 50%

### Probas extraordinarias de xuño

No caso de que algún discente non supere a avaliación de xeito positivo no curso lectivo ordinario, dentro de cada un dos cursos que conforman o grao elemental na especialidade de tuba, deberá afrontar unha proba en xuño coa fin de amosar que acada os obxectivos propostos para o curso na programación didáctica.

Esta proba terá carácter práctico e desenvolverase do seguinte xeito: o alumnado deberá interpretar dous estudos ou obras do repertorio orientativo para o curso, e un estudo ou obra proposta polo docente de nivel axeitado, que executará a primeira vista, para a que disporá dun tempo de 5 minutos.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos: 50%
- Aspectos expresivos: 50%

### **6.9.5. Recursos didácticos**

#### EXERCICIOS DE TÉCNICA XERAL:

- Exercicios achegados polo profesor referentes a respiración, boquilla e vibración dos labios, emisión do son, flexibilidade e posición fixa, legato, articulación, memorización e lectura a vista.
- Tódalas escalas maiores e menores en diferentes articulacións e tempos.

#### MÉTODOS DE ESTUDO:

Secuenciado de maneira personalizada ó longo de todo o curso. A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do discente, puidendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

- Métodos de tuba:
  - 20 minutes warn-up, M. Davis
  - Technical studies, H.L. Clarke edit. Carl Fischer
  - ARBAN Complete Method for the Tuba (Transcribed and Edited by Jerry Young & Wesley Jacobs)
  - 43 Bel Canto Studies M. Bordogni edit. A. Leduc
  - 70 Studies for Tuba Volume II V. Blazhevich edit. R. King
  - 24 Estudios Melódicos, Vasiliev
  - 12 Estudos para Tuba, Otto Maenz
- Métodos de bombardino:
  - Flexibilidad Vol II M. Badia
  - ARBAN Complete Method for Trombone & Euphonium by Joseph Alessi and Brian Bowman (Edited by Wesley Jacobs)
  - Melodius Etudes for Trombone J. Rochut edit. Carl Fischer
  - Technical Studies H.L. Clarke edit. Carl Fischer
  - 60 Selected Studies for Trombone C. Kopprasch
  - 12 Estudos Melódicos H. Couillaud

OBRAS DE ESTUDO: (como mínimo, unha por trimestre)

- Sonata H. Eccles.
- Fantasy P. Sparke
- Rumanian Dance nº 2 D. Ionel
- Aria E. Bozza
- Sonata nº2 "IL pastor fido A. Vivaldi

- Euphonium Concerto J. Horovitz
- Fantasy H. Hoshina
- Suite Nº2 para Violonchelo J. S. Bach
- Tuba Rapsody C. Grudman
- Sonatina Koetsier
- Sonate para tuba D. Uber
- Sonata Nº2 Cherubini
- Fantasia G. Jacobs
- Tres romanzas R. Schumann
- Concerto Allegro A. Lebedev
- Estudo de repertorio de banda e orquestra adaptado ao seu nivel.

Os textos propostos son orientativos, quedando a criterio do docente e en atención á diversidade, unha posible modificación neste apartado metodolóxico.

## 6.10. Curso: 6º GP

### 6.10.1. Obxectivos

- a) Mellorar progresivamente a técnica e a sonoridade dentro do nivel esixido neste ciclo.
- b) Aplicar progresivamente os coñecementos musicais adquiridos para unha correcta interpretación instrumental.
- c) Coñecer as grafías contemporáneas mais comúns así coma os principais efectos sonoros.
- d) Interpretar obras de diversas épocas e estilos cunha dificultade progresiva e adecuada ó nivel.
- e) Participar en actividades musicais de conxunto con grupos e formacións variadas que se poidan formar.
- f) Coñecer progresivamente os criterios interpretativos do propio instrumento en

cada período musical, aplicándoos ó estudio do repertorio proposto.

- g) Memorizar textos musicais.
- h) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento, así como un bo uso da memoria á hora de interpretar.
- i) Acadar unha madurez de criterio autónomo para escoller a mellor interpretación propia, ademais de ter ben sentada unha boa base técnica que permita chegar con boas garantías ó final do grao profesional.

### **6.10.2. Contidos**

- Estudo da ornamentación con estudos e obras axeitadas, con especial atención ós trinos e grupetos, e a súa boa entoación e articulación.
- Coñecemento progresivo do repertorio solista con obras axeitadas para este ciclo, e audicións comentadas de diferentes versións da mesma obra.
- Utilización do dobre picado e triplo picado, e o seu bo uso.
- Perfeccionamento no fraseo musical nas obras e estudos coidando os elementos máis importantes: expresión, dinámicas, cor sonoro, carácter, etc... e concienciando ó alumno da adquisición dun criterio persoal diferenciado dun criterio global de calidade.
- Adquisición progresiva no rexistro traballado da igualdade e calidade do son.
- Utilización da memoria musical na interpretación de obras, estudos e técnica, así como no estudo diario.
- Traballo de exercicios sobre cifrado americano, exercicios de improvisación libre e exercicios de imitación que permitan desenvolver as capacidades para improvisar co instrumento.
- Interpretación de pezas e estudos que engloben os aspectos técnicos e musicais tratados anteriormente.
- Perfeccionamento da lectura a primeira vista.

### 6.10.3. Avaliación

O docente avaliará aos seus discentes tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora, e o docente valorará de forma constante o progreso do alumnado ao longo de todo o curso, así como nas probas e/ou audicións realizadas.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso. Así podemos recoller tres tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** realizada na primeira clase do curso
- **Avaliación continua:** permite observar a evolución do discente.
- **Avaliación puntual:** realizada mediante probas que serven para avaliar determinados elementos puntuais na evolución do discente.

Tentarase dentro das posibilidades organizativas do centro agrupar ó alumnado por cursos e que estean presentes todos os docentes da materia co propósito de mellorar a homoxeneización dos criterios de avaliación e nivel educativo.

#### Criterios de avaliación

- 1) Demostrar unha procura da excelencia interpretativa, da calidade sonora, da mellora na entoación e da adecuación co acompañamento ou na práctica grupal.
- 2) Amosar afondamento no estudo e/ou interpretación de polo menos unha obra cada trimestre.
- 3) Amosar control na utilización dun esforzo muscular, dunha respiración e dunha relaxación propias dunha correcta postura adecuados ás exixencias da execución instrumentais.
- 4) Mostrar madurez na toma de decisións interpretativas.
- 5) Demostrar de soltura no uso das tonalidades e intervalos propostos para este ciclo de memoria.
- 6) Usar a memoria na interpretación de obras, estudos e técnica.

- 7) Interpretar de polo menos 1 obra en audición pública ó longo do curso académico co correspondente acompañamento de piano.
- 8) Interpretar un recital composto por polo menos 3 obras de diferentes estilos. (remítese ó punto 9.4 da programación)
- 9) Amosar comprensión formal, precisión na interpretación das grafías e naturalidade na lectura a primeira vista de textos musicais.
- 10) Presentar traballo diario semanal amosado cun nivel de estudo aceptable.
- 11) Colaborar á hora de representar a aula de tuba a través de concertos e audicións tanto na interpretación individual como de conxunto.

Os criterios de avaliación utilizaranse para observar a adquisición dos obxectivos que están programados para cada curso. Deste xeito, e atendendo á individualidade destas ensinanzas, así como á progresión única de cada discente, os contidos reflexados nesta programación adecuaranse a cada discente de forma personalizada, e os criterios de avaliación servirannos os docentes para medir durante todo o curso o grao de adquisición dos mencionados obxectivos. Polo tanto, estando o curso dividido por tres trimestres, o grao de adquisición ten que ser sumativo, polo que non se poden dividir os criterios de avaliación, senón que se teñen que ir sumando de forma gradual ata que no terceiro trimestre, e tal e como manda unha avaliación continua, se avalíe de forma conxunta todos os obxectivos acadados e os que non o están.

#### Mínimos esixibles

- 70 Studies for Tuba V. Blazhevich (Nº 23 e 24)
- 12 Estudios Especiais O. Maenz (Nº 6)
- 24 Estudios Melódicos Vasiliev (dous estudos)
- Un estudo característico do un ao cinco do método completo J.B Arbans
- 12 Estudos Melódicos H.Couillaud (dous estudos)
- Dúas das obras propostas para este curso.
- Realización dun recital de entre 20 e 30 minutos con obras de diferentes estilos.

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.



- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións

**Crterios de cualificación**

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Proba de aula: 30%	Audición: 30%	Traballo semanal: 40%
--------------------	---------------	-----------------------

Á súa vez, cada un destes apartados ponderarase do seguinte xeito:

<b>Proba de aula: 30%</b>	<b>Audición: 30%</b>	<b>Traballo semanal: 40%</b>
Técnica: 50%	Técnica: 30%	Estudo: 50%
Musicalidade: 50%	Musicalidade: 30%	Hábitos: 10%
	Preparación: 30%	Actitude: 30%
	Posta en escena: 10%	Material: 10%

No caso de que algún discente, e só por motivos debidamente xustificadas, non puidera realizar algún dos apartados anteriores (proba de aula, audición e traballo semanal), dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

**Crterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Debido a que este é o último curso desta materia no Grao Profesional non se contempla a posibilidade de conceder ampliacións de matrícula.

**6.10.4. Medidas de recuperación**

Os obxectivos non superados no trimestre anterior serán reforzados cun plan individualizado proposto polo docente.

### Procedementos de recuperación ordinarios

O alumnado que non poda ser avaliado por ter un rendemento baixo que impida ó docente unha correcta avaliación do mesmo realizará unha proba na que terá que demostrar que acada os obxectivos propostos para o curso na programación didáctica. A proba realizarase sempre antes da avaliación do terceiro trimestre e no horario de clase do discente.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos: 50%
- Aspectos expresivos: 50%

### Probas extraordinarias de xuño

No caso de que algún discente non supere a avaliación de xeito positivo no curso lectivo ordinario, dentro de cada un dos cursos que conforman o grao elemental na especialidade de tuba, deberá afrontar unha proba en xuño coa fin de amosar que acada os obxectivos propostos para o curso na programación didáctica.

Esta proba terá carácter práctico e desenvolverase do seguinte xeito: o alumnado deberá interpretar dous estudos ou obras do repertorio orientativo para o curso, e un estudo ou obra proposta polo docente de nivel axeitado, que executará a primeira vista, para a que disporá dun tempo de 5 minutos.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos: 50%
- Aspectos expresivos: 50%

Ademais disto, o alumnado realizará un recital de entre 20 e 30 minutos con obras de diferentes estilos.

#### **6.10.5. Recursos didácticos**

##### EXERCICIOS DE TÉCNICA XERAL:

- Exercicios dados polo profesor referentes a respiración, boquilla e vibración dos labios, emisión do son, flexibilidade e posición fixa, legato, articulación, memorización e lectura a vista.
- Escalas e arpejos en tódalas tonalidades. Escala cromática.

### MÉTODOS DE ESTUDO:

Secuenciado de maneira personalizada ó longo de todo o curso. A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do discente, puidendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

- Métodos de tuba:
  - o Flexibilidad G.Jacobs
  - o Technical Studies H.L.Clarke edit.Carl Fischer
  - o ARBAN Complete Method for the Tuba (Transcribed and Edited by Jerry Young & Wesley Jacobs)
  - o 43 Bel Canto Studies Vol. II M. Bordogni edit. A. Leduc
  - o 70 Studies for Tuba Vol. II V.Blazhevich edit. R. King
  - o 24 Estudios Melódicos Vasiliev
  - o 12 Estudos para Tuba Otto Maenz
  
- Métodos de bombardino:
  - o Flexibilidad Vol. II M.Badia
  - o ARBAN Complete Method for Trombone & Euphonium by Joseph Alessi and Brian Bowman (Edited by Wesley Jacobs)
  - o Melodius Etudes for Trombone Vol. II J. Rochut edit. Carl Fischer
  - o Technical Studies H.L.Clarke edit.Carl Fischer
  - o 12 Estudos Melódicos H.Couillaud
  - o 21 Estudes G.Pichaureau

### OBRAS DE ESTUDO: (como mínimo, unha por trimestre a traballar)

- Pantomime P.Sparke
- Sonata P.Hindemit
- Euphonium Concerto Golland
- Solo Concurso M.Yuste

- Tuba Concerto E.Gregson
- Sonate B.Broughton
- Concerto do menor B.Marcello
- Concertino J. Koetsier
- 1º e 2º mov. concerto para tuba baixa V.Williams
- Serenade nº 12 V. Persichetti
- Silhouette J. Harmon
- Concerto in D m T. Albinoni
- Suite nº 1 (Effie suite) A. Wilder
- Suite Nº 2 de violonchelo J. S. Bach
- Romance Weber
- Sonata for euphonium D. Uber
- Party Piece P. Sparke
- Reload E. Nogueroles
- The Green Hill B. Appermont
- New – Orléans E.Bozza
- Fantasia Brillante Arban
- Estudo de repertorio de banda e orquestra adaptado ao seu nivel.

Os textos propostos son orientativos, quedando a criterio do docente e en atención á diversidade, unha posible modificación neste apartado metodolóxico.

## **7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica**

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os docentes revisarán de forma permanente o grao de cumprimento da programación así como os resultados académicos dos discentes, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos discentes: avaliación inicial,

atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento, condicións, talento, capacidades, etc.

Os docentes informarán aos discentes e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución. Así mesmo, para un bo desenvolvemento da acción titorial e unha atención individualizada, intentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada discente.

## **8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc. Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia do instrumento, así como a individualidade de cada un dos discentes: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interese no estudo do instrumento, etc.

Comentaranse regularmente as audicións realizadas polos discentes, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os docentes estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos discentes.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado (pianos de cola en número suficiente e aulas con dous pianos ), mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de docentes axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o docente e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos docentes etc.; en

definitiva, os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos docentes e discentes levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón só dunha forma teórica.

## 9. Anexos

### 9.1. Probas de acceso 1º de grao profesional

Para acceder ao primeiro curso do grao profesional o discente deberá realizar unha proba de acceso en cuxa primeira parte o discente deberá demostrar o seu nivel interpretando **tres obras** de diferentes estilos con acompañamento de piano se o require, **unha das cales deberá ser interpretada de memoria**. Para tal efecto se adxunta unha listaxe de obras orientativas.

#### Obras orientativas

- |                              |              |
|------------------------------|--------------|
| - O Isis and Osiris          | W. A. Mozart |
| - Divertimento               | J. Haydn     |
| - Recitative song and chorus | H. Purcell   |
| - Largo i Presto             | B. Marcello  |
| - Après un Revé              | G. Fauré     |
| - Egotistical elephant       | D. Hartzell  |

#### Criterios de avaliación e cualificación

- 1) Mostrar calidade e control do son.
- 2) Mostrar unha correcta dixitación.
- 3) Mostrar equilibrio entre os rexistros.
- 4) Tocar unha obra ou estudio de memoria.
- 5) Mostrar corrección na execución dos matices e reguladores dos exercicios, estudos e obras.
- 6) Mostrar nitidez e limpeza nas articulacións e picados.
- 7) Mostrar un mantemento no tempo dos exercicios, estudos e as obras.
- 8) Mostrar un alto grao cualitativo na execución global dos exercicios, estudos e obras.

- 9) Mostrar unha correcta velocidade de execución.
- 10)Mostrar unha correcta afinación.

## 9.2. Probas de acceso a outros cursos

Para acceder aos cursos **2º, 3º e 4º do grao elemental** se realizarán probas de acceso en cuxa primeira parte o discente deberá demostrar o seu nivel interpretando **dúas pezas** de libre elección e un **exercicio de lectura a primeira vista**. Para tal efecto se adxunta unha listaxe de obras orientativas.

Para acceder aos cursos 2º, 3º, 4º, 5º e 6º do grao profesional se realizarán probas de acceso en cuxa primeira parte o discente deberá demostrar o seu nivel interpretando **tres obras ou estudos** de diferentes estilos con acompañamento de piano se o require, **unha das cales deberá ser interpretada de memoria**. Para tal efecto se adxunta unha listaxe de obras orientativas.

### Obras orientativas acceso a 2º curso de grao elemental (escoller dúas pezas)

- Método de tuba:
  - o Brass School 2 - Algar Editorial
- Método de bombardino
  - o Brass School 2 - Algar Editorial
  - o Pequenas pezas co acompañamento de piano Un exercicio de lectura a primeira vista.

### Crterios de avaliación e cualificación

- 1) Diferenciar entre picado e ligado
- 2) Colocar o corpo, mans e embocadura correctamente considerando o nivel no que se atopa.
- 3) Realizar na medida das súas posibilidades a respiración diafragmática.
- 4) Demostrar unha correcta lectura a primeira vista amosando precisión rítmica, precisión de notas e entoación, precisión de articulación e fraseo musical adecuado ó nivel.

Obras orientativas acceso a 3º curso de grao elemental (escoller dúas pezas)

- Método de tuba:
- Brass School 3 - Algar Editorial
- Método de bombardino
- Brass School 3 - Algar Editorial
- Tuba solos Canadian Brass book
- Un exercicio de lectura a primeira vista.

Criterios de avaliación

- 1) Amosar calidade sonora.
- 2) Manter a correcta posición do corpo, mans e embocadura.
- 3) Manter o tempo cando se execute un exercicio ou obra.
- 4) Diferenciar entre forte e piano.
- 5) Utilizar o staccato cando se requira.
- 6) Diferenciar caracteres da música.
- 7) Demostrar unha correcta lectura a primeira vista amosando precisión rítmica, precisión de notas e entoación, precisión de articulación e fraseo musical adecuado ó nivel.

Obras orientativas acceso a 4º curso de grao elemental (escoller dúas pezas)

- 46 Estudios R. Endresen
- Estudos in legato H.Fink
- O Isis and Osiris W.A.Mozart
- Bourré Handel arr. KenSwanson
- Un exercicio de lectura a primeira vista.

Criterios de avaliación

- 1) Amosar calidade sonora.



- 2) Manter a correcta posición do corpo, mans e embocadura.
- 3) Mostrar unha dixitación adecuada.
- 4) Amosar estabilidade rítmica e capacidade de mantemento dun tempo estable na execución dos exercicios e obras.
- 5) Mostrar claridade e limpeza nas pasaxes.
- 6) Mostrar nitidez nas diferentes articulacións, así como o grao de adecuación na súa execución.
- 7) Mostrar diferenciación dinámica.
- 8) Demostrar unha correcta lectura a primeira vista amosando precisión rítmica, precisión de notas e entoación, precisión de articulación e fraseo musical adecuado ó nivel.

Obras orientativas acceso a 2º curso de grao profesional (escoller 3 pezas, unha será de memoria)

- His Majesty the Tuba R.Dowling
- Elégie V.Strukow
- Sonata en la maior B.Marcello
- O Senhor Biscuit J.Durán (Obra Galega)
- Andante-Allegro Barat
- Andante Tcheperin

Criterios de avaliación

- 1) Amosar calidade sonora.
- 2) Mostrar unha dixitación adecuada.
- 3) Demostrar un control do son que permita manter igualdade entre os diferentes rexistros en aspectos tales coma a igualdade sonora, o control da afinación, o control da articulación, e todo aquel parámetro que poda sufrir cambios nos diferentes rexistros.
- 4) Tocar unha obra o estudio de memoria con solvencia.

- 5) Amosar unha correcta execución dos matices e reguladores dos exercicios, estudos e obras.
- 6) Mostrar nitidez e limpeza nas diferentes articulacións, así como o grao de adecuación na súa execución.
- 7) Amosar estabilidade rítmica e capacidade de mantemento dun tempo estable na execución das obras.
- 8) Amosar unha correcta afinación.
- 9) Demostrar un dominio do instrumento en todo momento durante a interpretación das obras.
- 10) Amosar unha correcta afinación.
- 11) Amosar os tempos apropiados das pezas e demostrar soltura co instrumento en cada un deles.

Obras orientativas acceso a 3º curso de grao profesional (escoller 3 pezas, unha será de memoria)

- Ritual and Celebration J.Spears
- Sonata Galliard
- Suite for tuba H.Hadad
- Sonata B.Marcello

Criterios de avaliación

- 1) Amosar calidade sonora.
- 2) Mostrar unha dicitación adecuada.
- 3) Demostrar igualdade entre os diferentes rexistros en aspectos tales coma a igualdade sonora, o control da afinación, o control da articulación, o control das diferentes dinámicas e todos aqueles aspectos que podan non estar equilibrados nos diferentes rexistros.
- 4) Tocar unha obra o estudio de memoria con solvencia.
- 5) Amosar unha correcta execución dos matices e reguladores dos exercicios,

estudos e obras.

- 6) Mostrar nitidez e limpeza nas diferentes articulacións, así como o grao de adecuación na súa execución.
- 7) Amosar estabilidade rítmica e capacidade de mantemento dun tempo estable na execución das obras.
- 8) Demostrar un dominio do instrumento en todo momento durante a interpretación das obras.
- 9) Amosar unha correcta afinación.
- 10) Amosar os tempos apropiados das pezas e demostrar soltura co instrumento en cada un deles.

Obras orientativas acceso a 4º curso de grao profesional (escoller 3 pezas, unha será de memoria)

- Sonate H.Eccles
- Lyric Suite D.White
- Solo de concerto Marcello
- Sonata nº6 Haendel

Criterios de avaliación

- 1) Amosar calidade sonora.
- 2) Mostrar unha dicitación adecuada.
- 3) Demostrar igualdade entre os diferentes rexistros en aspectos tales coma a igualdade sonora, o control da afinación, o control da articulación, o control das diferentes dinámicas e todos aqueles aspectos que podan non estar equilibrados nos diferentes rexistros.
- 4) Tocar unha obra o estudio de memoria con solvencia.
- 5) Amosar unha correcta execución dos matices e reguladores dos exercicios, estudos e obras.
- 6) Mostrar nitidez e limpeza nas diferentes articulacións, así como o grao de

adecuación na súa execución.

- 7) Amosar estabilidade rítmica e capacidade de mantemento dun tempo estable na execución das obras.
- 8) Demostrar un dominio do instrumento en todo momento durante a interpretación das obras.
- 9) Amosar unha correcta afinación.
- 10) Amosar os tempos apropiados das pezas e demostrar soltura co instrumento en cada un deles.

Obras orientativas acceso a 5º curso de grao profesional (escoller 3 pezas, unha será de memoria)

- Fantasía G.Jacob
- Konzert nº1 A.Lebedjew
- Sonata en Sib Maior A.Vivaldi
- Tuba Rapsody G,Grudman
- Fantasia J.A.Arban
- Suite Nº1 para violonchelo J.S.Bach

Criterios de avaliación

- 1) Amosar calidade sonora.
- 2) Mostrar unha dicitación adecuada.
- 3) Demostrar igualdade entre os diferentes rexistros en aspectos tales coma a igualdade sonora, o control da afinación, o control da articulación, o control das diferentes dinámicas e todos aqueles aspectos que podan non estar equilibrados nos diferentes rexistros.
- 4) Tocar unha obra o estudio de memoria con solvencia.
- 5) Amosar unha correcta execución dos matices e reguladores dos exercicios, estudos e obras.

- 6) Mostrar nitidez e limpeza nas diferentes articulacións, así como o grao de adecuación na súa execución.
- 7) Amosar estabilidade rítmica e capacidade de mantemento dun tempo estable na execución das obras.
- 8) Demostrar un dominio do instrumento en todo momento durante a interpretación das obras.
- 9) Amosar unha correcta afinación.
- 10) Amosar os tempos apropiados das pezas e demostrar soltura co instrumento en cada un deles.

Obras orientativas acceso a 6º curso de grao profesional (escoller 3 pezas, unha será de memoria)

- Solo de concurso M.Yuste
- Effie Suite A.Wilder
- Blue bell sof Scotland Pryor
- Tuba Concerto E.Gregson
- Sonate P.Hindemit
- Suite Nº2 para violonchelo J.S.Bach

Criterios de avaliación

- 1) Amosar calidade sonora.
- 2) Mostrar unha dicitación adecuada.
- 3) Demostrar igualdade entre os diferentes rexistros en aspectos tales coma a igualdade sonora, o control da afinación, o control da articulación, o control das diferentes dinámicas e todos aqueles aspectos que podan non estar equilibrados nos diferentes rexistros.
- 4) Tocar unha obra o estudio de memoria con solvencia.
- 5) Amosar unha correcta execución dos matices e reguladores dos exercicios, estudos e obras.

- 6) Mostrar nitidez e limpeza nas diferentes articulacións, así como o grao de adecuación na súa execución.
- 7) Amosar estabilidade rítmica e capacidade de mantemento dun tempo estable na execución das obras.
- 8) Demostrar un dominio do instrumento en todo momento durante a interpretación das obras.
- 9) Amosar unha correcta afinación.
- 10) Amosar os tempos apropiados das pezas e demostrar soltura co instrumento en cada un deles.

### 9.3. Criterios para a obtención dos premios fin de grao

O premio de fin de Grao concederáse ao alumnado que remate sexto curso de grao profesional cunha cualificación media de 8 entre todas as materias, polo menos e se presente á proba anual correspondente. Esta proba levarase a cabo unha vez rematada a sesión de avaliación do fin de curso. Formarase un tribunal especial para a ocasión e expedirase un diploma acreditativo que testemuñe a súa obtención.

O alumnado que cumpra estes requisitos e pretenda acadar o premio na especialidade de tuba deberá afrontar unha proba práctica, que consistirá na interpretación de dúas obras con acompañamento de piano. Unha obra será obrigada e outra de libre elección por parte do alumnado.

- A obra obrigada neste caso será: **Concerto de Tuba, E. Gregson**
- No caso de que se afronte con bombardino será: **Pantomime, P. Spark**

#### Criterios de Avaliación:

Valorarase o dominio na execución das obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.

O discente terá que demostrar unha sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do

instrumento e a utilización das súas posibilidades.

Valorarase que a obra de libre elección sexa de distinta época e estilo que a obra obrigada, e cunha dificultade técnica e interese artístico acorde ó nivel. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.

#### 9.4. Programa do recital de fin de grao profesional

O programa de recital de fin de grao profesional constará de polo menos **tres obras de diferentes estilos**, sendo estas obras seleccionadas polo alumnado baixo a revisión do docente de entre un listado de obras recomendadas e adecuadas ao seu nivel.

Este recital vale para demostrar os coñecementos adquiridos ó longo de todo o grao profesional e tamén para fortalecer o alumnado que opte por continuar cos estudos superiores de música, que terá que presentar un programa similar nas súas respectivas probas instrumentais individuais. Inclúirase obrigatoriamente un **“Programa de Man”** por parte do alumnado que participe no recital. No programa de man o alumnado terá que incluír unha foto, unha pequena biografía do participante, as obras e autores que van a executar e unha breve “notas ao programa” que non exceda dun cartafol.